



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO  
XUNTANZA ORDINARIA 8 DE MARZO DE 2012

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta anterior**
- 2.- Dar conta dos asuntos tratados no Consello Parroquial de data 02.12.2011**
- 3.- Medidas a adoptar na circulación de tráfico pesado pola Estrada Provincial**
- 4.- Actuacións do Concello de Redondela sobre a Autovía A-59**
- 5.- Investimentos a realizar na parroquia do Viso contemplados no orzamento do Concello de Redondela**
- 6.- Acondicionamento do campo de futbito da Gándara**
- 7.- Varios**

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día oito de marzo de dous mil doce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Adelina Couñago Lara, representante do PP
- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
- José Bernardo Crespo Abal, representante de AER
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- Ana Pazos Castellano, representante das asociacións veciñais
- Pilar Bouzas Novas, representante das asociacións veciñais
- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións veciñais
- Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes
- Xosé Covelo Míguez, representante das asociacións culturais
- José Manuel Campelos Mariño, representante das comunidades de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, e asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.



CONCELLO DE REDONDELA

### **1.- Aprobación da acta anterior**

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial de data 02.12.2011 que queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes coa abstención de Soledad Vidal Dasilva por non ter asistido á xuntanza.

### **2.- Dar conta dos asuntos tratados no Consello Parroquial de data 02.12.2011**

O Presidente informa que se mantivo unha xuntanza con Juanategui (director de infraestruturas da Deputación de Pontevedra), o Concelleiro de Vías e Obras do Concello de Redondela, a directora do Colexio de Cesantes, a presidenta da ANPA e o Alcalde e se está á espera do informe que emita a Deputación.

Sinalizouse para que so poidan entrar os autobuses e os vehículos particulares non poidan aparcar dentro do recinto habilitado. En canto á compra dos terreos estase a ter contacto cos propietarios para tratar a compra ou o aluguer.

En canto á rotonda o director de infraestruturas da Deputación indica que se está pendiente do informe dos técnicos para ver se é viable, xa que habería que adquirir terreos porque as distancias actuais non son suficientes para o paso de vehículos pesados.

Xosé Covelo Míguez pregunta se existe prazo para a emisión do informe. O Presidente informa que non.

Xosé Covelo Míguez pregunta se sobre a compra dos terrenos se podería implicar á Consellería de Educación. O Presidente informa que se vai intentar a colaboración de todas as administracións.

José Manuel Campelos Mariño pregunta se eses terreos están afectados. Leonardo Cabaleiro Couñago resposta que eses terreos non son edificables, polo que solicita que nos orzamentos do Concello se inclúa unha partida para a súa adquisición.

José Bernardo Crespo Abal manifesta que no colexio de Portocabeiro se fixeron actuacións e non se solicitou en ningún Consello, polo que pregunta se a situación do colexio de Cesantes é prioritaria para o Concello. O Presidente informa que todas as actuacións sobre seguridade sempre son prioritarias para



## CONCELLO DE REDONDELA

o Concello de Redondela, e para que se cumpran as regras de sinalización vaise enviar á Policía Local durante unha temporada para que se respecten as sinalizacións de seguridade.

En canto á iluminación na Estrada de Soutoxuste en data 05.11.2011 pediuse a Fomento que coloque alumeado dende Arcade ata Cesantes, incluíndo a área de servizo e estase pendiente de contestación.

Xosé Covelo Míguez pregunta se se chamou a Fomento para averiguar a situación na que estaba esa solicitude. O Presidente lle resposta que se averiguará para o seguinte Consello Parroquial.

O Presidente informa que o resto da iluminación está pendiente da aprobación dos orzamentos do Concello e que algún dos puntos solicitados están previstos. A iluminación de Soutoxuste ata o Camiño de Santiago está contemplada.

O Presidente informa que sobre a adquisición de terreos para aparcamento na Sociedade de Agricultores mantívose unha xuntanza cos propietarios dos terreos, que ao principio accederon ao aluguer dos terreos por unha cantidade anual, pero aos días seguintes un dos propietarios dixo que non aceptaba e como se trataba da tira de terreno que da entrada as fincas haberá que valorar a adquisición ou cesión doutros.

En canto ao valado no lavadoiro de Tuimil está contemplado nos orzamentos deste ano. Asemade sobre o saneamento en Soutoxuste informa que o problema eléctrico con Fenosa xa está arranxado, só falta que Aqualia faga unha revisión que se realizará nestes días.

O Presidente di que sobre á reposición e recuperación de fontes e mananciais e á apertura do Camiño de Baldramón dependerá da aprobación dos orzamentos. As fontes que non figuren no inventario incluíranse. A prioridade do Concello para esta parroquia será a de instalar o saneamento.

José Bernardo Crespo Abal di que na Comisión de Seguimento do AVE o barrio de Soutoxuste tiña todo arreglado e da parroquia do Viso non acudiu ninguén. O Concello pedirá a Augas de Galicia a reposición de ríos e mananciais e á súa vez se ésta lle reclamará as empresas do AVE.



## CONCELLO DE REDONDELA

Xosé Covelo Míguez pregunta se xa se fixo a reclamación ás empresas do AVE. O Presidente resposta que se está elaborando un informe conxunto de todas as parroquias afectadas.

Xosé Covelo Míguez solicita que os informes que teñan relación cos puntos do Consello Parroquial se traian ao Consello.

Manuel Freire Collazo informa que na boca do túnel sur a empresa do AVE ten unha zona valada con mangueras que saen fóra da súa área cara a unha poza da que extraen auga polo que propón que dende a Concellería de Medio Ambiente se faga unha intervención para evitar estas situacións. As/os membros asistentes á xuntanza votan por unanimidade a favor da proposta.

En canto ás actuacións na Peneda consistirán na súa limpeza. Vaise asinar un convenio de colaboración con Soutomaior para que esta limpeza sexa total non so na parte que pertence a Redondela.

Xosé Covelo Míguez pregunta se hai acordo para a repoboación de árbores. O Presidente informa que se van a centrar primeiramente no seu adecentamento.

Fernando Veiga Estévez propón que as actuacións a facer deberían consistir en estabilizar as pedras, rehabilitar o palco e o camiño de baixada para xente maior o con problemas de discapacidade. As/os membros asistentes á xuntanza votan a favor da proposta.

O Presidente informa que sobre a adquisición de paneis informativos estanse a recibir e aínda pedir máis orzamentos, xa que os que chegaron ao Concello resultan bastante caros, así que aínda se está a contactar con máis empresas. Xosé Covelo Míguez preguntou o número dos que se pediron para O Viso e o Presidente respóstalle que 15 ou 16.

O Presidente informa que sobre o investimento do 1% das obras do AVE o Alcalde vai ter unha xuntanza con deputados e senadores e cando se saiba algo concreto se decidirá en que se van a investir as aportacións económicas.

José Bernardo Crespo Abal solicita que a maior parte dos cartos se invistan de forma proporcional nas parroquias afectadas, a esta solicitude tamén se suma Manuel Freire Collazo.



## CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente di que as axudas de Rede Natura aínda non foron publicadas e que o Concelleiro de Medio Ambiente quere saber da veciñanza cales son as actuacións que solicitarían para O Viso. Xosé Covelo Míguez solicita que se traian ao Consello Parroquial as actuacións solicitadas anteriormente para comparar.

O Presidente comunica ao Consello Parroquial que houbo varias limpeza de parques no Viso e que a Concelleira de Parques e Xardíns ten previsto reparar por completo un parque e que no Consello Parroquial se debe elixir cal é o máis prioritario.

Anxo Lusquiños López di que o parque do Loureiro, que tivo recentemente unha boa limpeza, ten moitas visitas dos nenos dos colexios cercanos e que ademais ten elementos en mal estado como os bancos que so teñen as estruturas de ferro, podendo resultar moi perigosos. Tamén di que se debería mandar á Policía Local os venres pola noite para controlar a zona. Asemade na curva abaixo se podería poñer un espello, xa que hai un poste que quita a visibilidade.

Ana Pazos Castellano di que no parque da Nogueira non se repararon os elementos e só se cortou.

As/os membros presentes do Consello Parroquial propoñen por unanimidade que se arranxe integramente o parque do Loureiro e se realice o mantemento dos demais parques do Viso.

O Presidente informa que sobre a adquisición de carpas para prestar aos colectivos do Concello supón un gasto bastante elevado porque ademais da súa adquisición hai que contar coas horas extras que se paguen aos operarios municipais para a súa montaxe e desmontaxe polo que aínda se está estudando.

### **3.- Medidas a adoptar na circulación de tráfico pesado pola Estrada Provincial**

O Presidente solicita información das/os membros do Consello para saber cal é a franxa horaria, o tipo de camións e dirección que levan.

Soledad Vidal Dasilva resposta que o tráfico pesado sobre todo é de camións que transportan madeira, circulan a todas horas en dirección a Soutomaior.



## CONCELLO DE REDONDELA

Leonardo Cabaleiro Couñago di que a estrada pertence á Deputación, pero que a Policía Local podería vixilar o tránsito.

### **4.- Actuacións do Concello de Redondela sobre a Autovía A-59**

O Presidente di que a realización da Autovía está aprobada polo Pleno e que se tiveron reunións co anterior ministro, e que destas reunións se está á espera dun informe. Que si ben é certo que a actual ministra Ana Pastor dixo na prensa que non se ía facer a autovía, o Concello non ten ningunha comunicación por escrito do que este goberno pensa facer, que en canto chegue algo informarse ao Consello Parroquial e por suposto a toda a veciñanza.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que respecta o acordo plenario e que a súa postura é a favor da autovía A-59.

Xosé Covelo Míguez e José Bernardo Crespo Abal solicitan que se faga presión para que o Ministerio faga unha comunicación por escrito.

### **5.- Investimentos a realizar na parroquia do Viso contemplados no orzamento do Concello de Redondela**

O Presidente informa que os orzamentos para o ano 2012 aínda non están aprobados. José Bernardo Crespo Abal di que o interventor lle informou que os orzamentos que estaban previstos se paralizaron.

### **6.- Acondicionamento do campo de futbito da Gándara**

O Presidente informa que o pechamento do campo de futbito non se vai poder realizar por falta de orzamento, xa que cos recortes a súa partida se veu seriamente mermada, pero o que si se vai facer e un pechamento con rede no lado que da a estrada para evitar situacións de perigo.

En canto ao aproveitamento do céspede do campo do Santa Mariña, según a información dalgúns técnicos parece que o céspede non serve para aproveitar, aínda que se así fose se intentaría destinar ao campo anexo.



## CONCELLO DE REDONDELA

Asemade o das entrevistas mantidas co Presidente da Deputación temos o compromiso de arranxar este ano o campo do Santa Mariña e para o ano que ven volverá a mirar o da Gándara para intentar arranxalo.

Manuel Freire Collazo di que se poderían ir retirando as pedras. Fernando Veiga Estévez di que por parte de montes se compromete a retirar as pedras se o Concello fai o pechamento.

### **7.- Varios**

Leonardo Cabaleiro Couñago propón que se solicite á Concellería de Medio Ambiente o saneamento para as 17 ou 19 vivendas do barrio de Cadaval. As/os membros asistentes á xuntanza votan por unanimidade a favor da proposta.

José Manuel Campelos Mariño di que isto poderíase ter evitado se os tubos se soterraran dous os tres metros, xa que só foron soterrados a un metro.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.